



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA TRINTA DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZ.**

### **ASISTENTES:**

Presidente:

D. ANGEL LÓPEZ SUEIRO.

### **CONCELLEIROS:**

DNA. MARÍA JOSEFA COBELO MOREIRA

DNA. JOSEFA FINA SECO VILAR

D. FERNANDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

DNA. EVA MARÍA FRAGA SANMARTIN

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

D. JUAN PUENTES CALVO

### **SECRETARIO-ACCIDENTAL:**

JESÚS FRANCO RODRÍGUEZ

No Salón de Sesións desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, ás dez horas do día trinta de setembro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. ANGEL LÓPEZ SUEIRO, reúnen os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario-accidental da Corporación, coa finalidade de celebra-la sesión ordinaria

convocada para o día de hoxe. Non asiste ó Pleno o Concelleiro do Grupo Municipal de Terra Galega D. Marcos Rodríguez Calvo.

## **I.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA DEZ DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZ. ACORDO QUE PROCEDA.**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data dez de agosto de dous mil dez.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acordan aproba-la acta da sesión anterior.

## **II.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2/2010. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos nº 2/2010 que contempla suplementos de crédito por importe de 22.506,91 € nas partidas 2010.0.3.21, (4.091,95 €) referente ó Convenio de colaboración coa Deputación Provincial nº 231/2010: para "Obras de reparacións eléctricas no campo municipal de fútbol dos Calzados", na partida 2010.0.4.61, (5.803,99 €) referente ó Convenio de colaboración coa Deputación Provincial: para "Obras varias no campo municipal de fútbol dos Calzados", na partida 2010.0.0.91, (7.833,45 €), referente a transferencias de créditos para aplicación do Real Decreto Lei 8/2010, do 2 de maio, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público, e nas partidas 2010.1.4.61, (1.139,59 €) referente a reposición de infraestructuras, remanentes 2009 "Rehabilitación da Escola de Guitiriz" e na partida 2010.1.4.61, (637,93 €), referente a reposición de infraestructuras, remanentes 2009, obras de "Mantemento e conservación da Casa do Lagoeiros".

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta das obras que se levaron a cabo no Campo de Fútbol Municipal de Os Calzados tanto das reparacións eléctricas como de outras. Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández pídeselle ó Sr. Alcalde que explique con máis detalle todo o que se levou a cabo, dice José Seco que preguntaron moitas veces se a instalación eléctrica está nas debidas condicións. Respóndaselle polo Sr. Alcalde-Presidente que si está todo correctamente e que o encargado do mantemento eléctrico levará a cabo as obras que están pendentes non prazo de quince días máis ou menos.

Pregunta o voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz como se pode traer un expediente a un pleno con algo que todavía está sen rematar. Referente as obras do Campo de Fútbol manifesta D. Fernando Vilar Díaz que se gastou todo o diñeiro que estaba consignado e agora estamos repoñendo obras que tiñan que estar rematadas na consignación que xa se fixera. Advirte igualmente D. Fernando Vilar Díaz de deficiencias en obras e outros puntos que observa en mal estado e despois son corrixidos. Dice que terá que vir máis polo concello porque así daselle solución os problemas.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación, por maioría de votos (5 votos a favor dos Sres/as. Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e Grupo Mixto - BNG) , 2 abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular e 1 voto en contra do Grupo Municipal de Terra Galega, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 2/2010, do vixente orzamento, debendo aplicarse as cantidades propostas ás partidas que se reflexan no expediente de referencia, coas modificacións acordadas, o resume do orzamento de gastos por capítulos queda fixado da seguinte maneira:

CAPITULO	Consig. inicial	Suplemen- tos de crédito	Financiación remanente líquido de tesourería	Transfe- rencias positivas	Transfe- rencias negativas	Total consig- nación resultante
I Gastos de persoal	498.346,51€				7.833,45 €	490.513,06€
II Gastos en bens corrent.	468.367,63 €	4.091,95 €				472.459,58 €
III Gastos financieros	2.700,00 €					2.700,00 €
IV Transfer. correntes	36.000,000 €					36.000,00 €
VI Investimen- tos reais	679.226,19 €	10.581,51 €	4.777,52 €			689.807,70 €
VII Transf. de capital	0,00 €					0,00 €
VIII Activos financieros	0,00 €					0,00 €
IX Pasivos financieros	14.564,87 €			7.833,45 €		23.398,32 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.699.205,20 €</b>	<b>14.673,46 €</b>	<b>4.777,52 €</b>	<b>7.833,45 €</b>	<b>7.833,45 €</b>	<b>1.713.878,66 €</b>

2º.- Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ó público no BOP, e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles ós efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamación contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva do anuncio no BOP.

### **III.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ó Pleno da Corporación do informe emitido pola Traballadora Social do concello referente á conveniencia da modificación dos artigos 3º, 7º, 17º, e normas de desenvolvemento do servizo da ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar deste Concello. Asiste o Pleno da Corporación a Traballadora Social do Concello, Dna. María América Uceira Criado que pasa a dar conta detallada do informe elaborado para a modificación dos artigos de referencia.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández expresase que esta información técnica presentada pola Traballadora Social xa debía de ser coñecida antes da celebración do Pleno, a cal lle parece ben.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respótaselle que esta información estaba a súa disposición nas dependencias dos Servizos Sociais do Concello da mesma maneira.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres./as. Concelleiros/as. asistentes á sesión adoptan o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación dos artigos 3º, 7º, 17º e normas de desenvolvemento do servizo da ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar deste Concello.

2º.- Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ó público no BOP, e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles ós efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamación contra a mesma, considerárase definitivamente aprobada, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva do anuncio no BOP.

### **IV.- DELEGACIÓN DA XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DO SOLO, SUBSOLO E VOO DAS VÍAS PÚBLICAS A FAVOR DE EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE SERVIZOS. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ó Pleno da Corporación do escrito remitido pola Excm. Deputación Provincial da Coruña referente a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, para posibilitar a asunción,

por parte desta, da xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres./as. Concelleiros/as. asistentes á sesión adoptan o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a delegación na Excma. Deputación Provincial da Coruña da asunción, por parte dela da xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión que poida ser obxecto de delegación, tanto pode afectar ao suposto xeral do artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

2º.- Publicar o acordo no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo mínimo de trinta días hábiles, para xeral coñecemento e presentación de alegacións.

#### **V.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.**

Dase conta dos Decretos e Resolucións da Alcaldía dende o día 18 de xuño de 2010 ata o día 17 de setembro de 2010.

#### **XUÑO:**

- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da alcaldía de data 18.06.2010, autorización a José Manuel Sanmartín Sanmartín para lanzamento de fogos de artificio con motivo da V Ruta do Cabalo.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da alcaldía de data 19.06.2010, certificación obras do POS 2010, denominada "Pav. de vías municipais: A Corveira-A Porta e outros..".
- **CONTABILIDADE:** Resolución da alcaldía de data 19.06.2010, aprobación do expediente de incorporación de remanentes de crédito procedentes do exercicio 2009.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da alcaldía de data 21.06.2010, retribucións dos empregados municipais.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 21.06.2010, alta no Padrón Municipal de Habitantes de RUBEN WASHINGTON LAXALT MACHADO, no lugar de A Serra, 8.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 21.06.2010, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 21.06.2010, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 23.06.2010, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 23.06.2010, aprobación facturas-pago.

- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 23.06.2010, concesión de vacacións a Traballadora Social Dna. María América Uceira Criado dende o día 5 de xullo ata o 3 de agosto.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 23.06.2010, cambio de enderezo de José Antonio García Caruncho, Fátima García Pérez, Joaquín García Pérez e Diana María Pérez Bellas, de Vilar de Mouros 13 PBJ a Vilar de Mouros, 2.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 23.06.2010, cambio de enderezo de Julio García Caruncho, de Vilar de Mouros, 13 a Vilar de Mouros, 2.
- **PERSOAL:** Resolución da alcaldía de data 24.06.2010, asignación aos funcionarios de carreira de cantidades na nómina do mes de xuño en concepto de produtividade variable.
- **PERSOAL:** Resolución da alcaldía de data 28.06.2010, selección de persoal ó abeiro da acción denominada "**Accións medioambientais no Concello da Capela**", dos candidatos preseleccionados polo Servizo Galego de Colocación.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 28.06.2010, aprobación gasto.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 28.06.2010, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Sofía Bianca Ares, no lugar de Mende, 1.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 29.06.2010, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da alcaldía de data 29.06.2010, concesión do día libre ó funcionario Jesús Franco Rodríguez na data do 30.06.2010.
- **OBRAS:** Resolución da alcaldía de data 30.06.2010, aprobación certificación número dous da obra "Pav. de vías municipais A Corveira-A Porta e outros..." por importe de 47.283,75 €, presentada pola empresa Construeume, S.L.

### XULLO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 01.07.2010, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 01.07.2010, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 01.07.2010, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Enrique Bermudez Fernández, no lugar de Sande, 21.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 02.07.2010, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 05.07.2010, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 05.07.2010, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 07.07.2010, aprobación gasto.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da alcaldía de data 07.07.2010, solicitude ao abeiro da orde do 28 de maio de 2010 para as festas populares (Festa do Requeixo).
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 08.07.2010, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 08.07.2010, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 12.07.2010, aprobación gasto.
- **OBRAS:** Resolución da alcaldía de data 14.07.2010, autorización á empresa MARISCOS RIOBÓ, S.L. para concesión á rede de alcantarillado no lugar de Formariz.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da alcaldía de data 16.07.2010, para mellora de camiños de uso público que comunica Os Enxertados-A Corveira e Sillabreo-Ctra. de As Pontes ao abeiro da orde do 10 de xuño de 2010, da Consellería do Medio Rural.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 19.07.2010, aprobación gasto.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 19.07.2010, aprobación facturas-pago.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da alcaldía de data 21.07.2010, aprobación do prezo privado a satisfacer polos futuros usuarios do abastecemento de auga da Capela por acometida de auga.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da alcaldía de data 26.07.2010, declaración das festas locais para o ano 2011, 5 e 16 agosto.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 26.07.2010, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Salvador Cibreiro Redondo, no lugar de Igrexa, parroquia de San Boulo.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 26.07.2010, aprobación gasto.
- **PERSOAL:** Resolución da alcaldía de data 28.07.2010, concesión do período de vacacións solicitado por Dna. Diana Pérez Bellas.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 29.07.2010, aprobación facturas-pago.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da alcaldía de data 30.07.2010, solicitude de subvención ao abeiro da orde do 25 de xuño de 2010, para "Recuperación de parcelas de uso veciñal no núcleo rural de Martín, parroquia de Cabalar.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 30.07.2010, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 30.07.2010, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Evangelina Sánchez Barreiro.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 31.07.2010, aprobación gasto.

#### AGOSTO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 01.08.2010, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 01.08.2010, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 02.08.2010, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 02.08.2010, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 02.08.2010, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Tamara María Meizoso Fojo, no lugar de Formariz.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 02.08.2010, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Vanesa Pena Meizoso.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da alcaldía de data 03.08.2010, autorizar a D. Manuel Rodríguez Salgado para lanzamentos fogos artificio con motivo da celebración da Festa de Nosa Sra. das Neves.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 03.08.2010, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 04.08.2010, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 04.08.2010, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 05.08.2010, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 05.08.2010, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da alcaldía de data 06.08.2010, nomear tesoureira municipal accidental a Dna. Olga Galdo López en substitución do titular D. Jesús Franco Rodríguez.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 06.08.2010, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 09.08.2010, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 09.08.2010, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 10.08.2010, aprobación facturas-pago.

- **CONTRATACIÓN:** Resolución da alcaldía de data 12.08.10, aprobación expediente para a licitación e contratación da prestación do servizo denominado "Docencia, dirección e coordinación da ESMU da Capela (Escola de Musica Municipal).
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da alcaldía de data 13.08.2010, autorizar a D. Manuel Seco Fernández para lanzamento de fogos artificios con motivo da celebración da Festa de Cabalar ano 2010.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 17.08.2010, aprobación gasto.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da alcaldía de data 17.08.2010, sobre plantación en solo rústico de protección agropecuaria sen gardalas distancias mínimas de separación por parte de María Carmen Calvo Pico.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 19.08.2010, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 19.08.2010, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓS FISCAIS:** Resolución da alcaldía de data 19.08.2010, sobre devolución de importes cobrados indebidamente a M<sup>a</sup> Dolores Castro Sánchez e Celso Rodeiro Sardiña.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da alcaldía de data 20.08.2010, aboamento a María Jesús Antón Vilar por reposición cristal ó vehículo C-8286-BP, que ascende á cantidade de 109,42 €.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da alcaldía de data 20.08.2010, aprobación expediente para a licitación e contratación da subministración denominada "Miniexcavadora compacta hidráulica".
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 23.08.2010, aprobación gasto.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 23.08.2010, cambio de enderezo de José Angel Gabeiras Balsa, Patricia Sánchez Conde e Aroa Gabeiras Sánchez, de Mourente 1-1º andar a Mourente 1 PBJ.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 23.08.2010, cambio de enderezo de As Neves, 38 a Mourente, 1.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 24.08.2010, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da alcaldía de data 26.08.2010, asignación ós funcionarios de carreira de cantidades en concepto de produtividade variable na nómina do mes de agosto de 2010.
- **PADRÓS FISCAIS:** Resolución da alcaldía de data 30.08.2010, aprobación padrón fiscal da taxa por recollida e tratamento de RSU correspondente ó 3º trimestre 2010.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 30.08.2010, alta no Padrón Municipal de Habitantes de José Javier Martínez Seijo, no lugar de As Neves, 31.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 30.08.2010, aprobación gasto.

#### **SETEMBRO:**

- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 01.09.2010, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 01.09.2010, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 02.09.2010, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 02.09.2010, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da alcaldía de data 02.09.2010, concesión ao funcionario municipal José Antonio Meizoso Paz do permiso de vacacións dende o día 6 de setembro de 2010 ata o día 1 de outubro de 2010.



- **CONTRATACIÓN:** Resolución da alcaldía de data 02.09.2010, adxudicación provisional da contratación de prestación do "Servizo de docencia e Dirección da ESMU da Capela" á empresa Arabesco, S.C.
- **PERSOAL:** Resolución da alcaldía de data 03.09.2010, nomeamento de Secretario - Interventor Accidental ó funcionario Jesús Franco Rodríguez ata a incorporación do titular José Antonio Meizoso Paz por vacacións.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da alcaldía de data 03.09.2010, concesión tarxeta municipal de aparcamento para persoas con mobilidade reducida a D. Eduardo Rodríguez Couto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 03.09.2010, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 05.09.2010, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 05.09.2010, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 06.09.2010, aprobación gasto.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 07.09.2010, alta no Padrón Municipal de Habitantes de María Victoria Calha, no lugar de A Teixeira, 7 e Manuela Calha, Dionilde Calha e Claudía Calha Gama.
- **PERSOAL:** Resolución da alcaldía de data 09.09.2010, concesión de vacacións a Bibliotecaria/Arquiveira, Dna. María Isabel Franco Rodríguez dende o día 13 de setembro ata o día 19 de setembro, ámbalas datas inclusive.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da alcaldía de data 09.09.2010, adxudicación provisional da contratación do subministro denominado "Miniexcavadora compacta hidráulica" á oferta presentada por Talleres Arteixo, S.L.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da alcaldía de data 13.09.2010, aprobación gasto.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 15.09.2010, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Carlos José Seco Paz, no lugar da Barbela, 7 (Capela (A) (Santiago).
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da alcaldía de data 17.09.2010, alta no Padrón Municipal de Habitantes no lugar de Mende, 6 de Alba María Cal Vázquez.

O Pleno queda enterado.

## **VI.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.**

Non se presentou ningunha moción por parte de ningún Grupo Político Municipal.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, manifestando que no derradeiro Pleno Ordinario celebrado en data vinte e catro de xuño de dous mil dez o seu grupo presentou unha moción que xa se presentara no ano 2006, na que tentaban a solicitude de "*declaración do Concello da Capela como Municipio Turístico*", dada súa situación xeográfica privilexiada, o parque natural das Fragas do Eume, o Forgoselo, considerando todos estes valores como positivos para a súa declaración.

Manifesta igualmente D. José Seco Fernández que esta moción quedou sobre a mesa para un posterior debate e votación noutra sesión no Pleno Ordinario

celebrado en data vinte e catro de xuño de dous mil dez, polo tanto xa pasaron máis de tres meses para ter máis información sobre o tema e pide que sexa debatido na sesión de hoxe.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que a data de hoxe a situación é a mesma que no mes de xuño, non hai máis datos dos que había naquel momento e tampouco estaba incluída na orde do día para que sexa obxecto de debate.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández solicítase ó Pleno da Corporación que dita moción sexa debatida no próximo Pleno que celebre o concello, sexa con carácter ordinario ou extraordinario. Dita petición é aceptada por unanimidade dos Sres./as. Concelleiros/as asistentes á sesión.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

1.- Dase conta do Rogo presentado polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, que copiado literalmente dí:

"Durante a lexislatura de 1991-1995, por este Concello, deuselle permiso a Endesa para a instalación dunha caseta de control da contaminación producida pola central térmica das Pontes, no lugar dos Picos. Dende fai casi dous ano, esta caseta xa non presta servico, e foron retirados os aparatos de medida.

Por todo isto,

### **ROGAMOS:**

Que polo equipo de goberno, se fagan as xestións necesarias para que se retire esta caseta e se acondicione o parque.

Respóstaselle polo Sr. Alcalde-Presidente que de inmediato manterá unha reunión co Director de Endesa para falar do tema e darlle unha solución.

2.- Dase conta dos rogos presentados polos voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, que copiados literalmente dín:

1º) Dende, xa fai unhos anos, a comúnmente chamada, Casa Sindical no seu andar 1º, está cedida por parte do Concello a AVV Nós de A Capela. Esta Asociación é por todos sabido que leva aproximadamente como dous anos sin funcionar. En distintas ocasións este voceiro propuxo o compartir o uso para as distintas asociacións, sempre a negativa como resposta. En base a estes datos

## **ROGAMOS:**

**Que se estudie o asunto para dar funcionalidade a un local totalmente desaproveitado, estando ademáis outras Asociacións sin un local donde exercer as súas actividades.**

Respóstaselle polo Concelleiro delegado de cultura, D. Juan Puentes Calvo que a Asociación de Veciños non está desfeita pero que non lograron o número suficiente de membros para poder constituíla; será que a xente non sente a necesidade de ter unha asociación. Por parte de D. José Seco Fernández manifestase que a Asociación de Veciños leva dous anos sin funcionar e polo tanto procede darlle un uso útil a ese local, regular o seu uso, manifestación que comparte o voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega D. Fernando Vilar Díaz.

Toma a palabra de novo o voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Xán Puentes Calvo proponendo que no mes de novembro se convocará a tódalas asociacións da Capela para tratar o asunto.

2º) Xa fai máis de cinco meses este voceiro mantivo unha xuntanza informativa con veciños dos arredores do Monte Corregosos. En esa xuntanza nomease un interlocutor para falar co Sr. Alcalde. Segundo nos consta está a espera dunha resposta.

## **ROGAMOS:**

**Que se teña en consideración os veciños e por parte do Sr. Alcalde convoque ós veciños, no seu defecto o voceiro, e expoña a súa versión.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente poñendo de manifesto que mantivo contacto coa Rexistradora da Propiedade e que todavía non tivo resposta a data de hoxe, de todas maneiras manifesta igualmente o Sr. Alcalde-Presidente que na actualidade hai un novo Rexistrador da Propiedade e que falará de novo con él.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, dise que hai unha lista de propietarios e que se averiguará se no Rexistro da Propiedade figuran a nome destes titulares.

## PREGUNTAS

**Dase conta das preguntas formuladas polo Grupo Municipal de Terra Galega:**

1.- ¿Cal é a situación actual da limpeza dos camiños? ¿Por qué, cando se limpou o camiño de Formariz de Abaixo, non se limpou o de Formariz de Arriba?

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz dise que xa tivo a resposta oportuna do Sr. Concelleiro de Obras do Fernando Rodríguez Fernández.

2.- Actualmente o camiño que vai a Caaveiro está totalmente abandonado, pois non se pasa ni a pé. ¿Por qué non se limpou? ¿Dónde se invertiron os 37.000 euros que dispuxo a Consellería cando intentou "amañalo"?

De novo o voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz manifesta que a día de hoxe o camiño está en boas condicións. Polo Sr. voceiro do Grupo Mixto - BNG, expresase que a limpeza de dito camiño corresponde o Parque Natural das Fragas do Eume.

3.- Fai unhos meses, gastouse no arranxo da instalación eléctrica do campo de fútbol e o pavillón a cantidade de 4.091,95 euros. Esta obra non mellorou en nada os problemas da instalación que non soporta o alumbrado do pavillón e do campo ó mesmo tempo. ¿En qué se gastaron os cartos, entónces?

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, manifestase que igualmente dita pregunta xa está respostada.

4.- No DOGA do día 28 de xullo de 2010, o INEGA sacou unhas subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética, tanto para particulares como para concellos. ¿Solicitouse polo equipo de goberno algunha destas subvencións?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente decindo que non se solicitou porque o concello tiña que aportar o 40% e non había consignación presupostaria para elo.

5.- ¿Cómo están na actualidade os trámites para a construción do novo Centro de Saúde?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que no mes de outubro se contratarán as obras, dado que por parte do concello xa está asinada a conformidade e aceptación do proxecto.

6.- O pasado 16 de setembro tiña previsto unha visita ó Concello o Subdelegado do Goberno, Jose Manuel Pose Mesura. ¿Cal foi o motivo polo que este grupo municipal non foi convidado a este acto?

Polo Sr. Alcalde-Presidente manifestase que ese día o Subdelegado do Goberno estaba exercendo as funcións de Delegado, dado que o seu titular estaba de vacacións e non pudo asistir ao concello da Capela por un suceso ocorrido en Ponteceso. Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, pídesse que se avisen aínda que sexa telefónicamente dun día para outro.

### **Preguntas formuladas polo Grupo Municipal do Partido Popular**

1ª) No diario "La Voz de Galicia", o día 29 de agosto deste ano aparece publicada unha denuncia dunha entidade ecoloxista da carencia de luz e auga (servicios elementais) no Monasterio de Caaveiro. Esta competencia é da Excelentísima Deputación Provincial. O Concello de A Capela debe de ser moi celoso con todo o que acontece en Caaveiro, non todo o mundo o sabe, pero está dentro do noso municipio, é unha potencialidade turística non menos patrimonial e como diría un castizo é: "*La joya de la Corona?*"

**¿Dende o equipo de goberno tomouse algunha iniciativa sobre este asunto?**

Respostase polo Sr. Alcalde-Presidente decindo que van xa tres anos co tema da luz en Caaveiro e por parte de Patrimonio poñen atrancos decindo que o camiño do Pousadoiro é medieval. Pero na reunión que mantivo na Comisión Provincial a luz si chegará a Caaveiro. O tema da auga tamen será solucionado. Por parte da concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Dña. Eva María Fraga Sanmartínponse de manifesto que se debe de mirar tamen o tema da cobertura de telefonía móbil na zona do Mosteiro de Caaveiro.

2ª) Como ten pensado o equipo de goberno devolver os 31.092,00 €, correspondentes o anticipo recibido no 2008 do Goberno Central?

Respótaselle polo Sr. Alcalde-Presidente que dita cantidade se irá devolvendo nas entregas a conta que se fan mensualmente.

3ª) Entre o Cemiterio Veciñal de A Capela e o lugar da Cruz da Moa, na estrada que quedou anulada, hai lixo ("variopinto"), **¿sabe o Equipo de goberno desta anomalía?**

Respótaselle polo Sr. Alcalde-Presidente decindo que esa parte da estrada corresponde á Xunta de Galicia e que xa está enterada, dado que el persoalmente falou co enxeñeiro xefe responsable da mesma.

4ª) Circula pola rúa que a antiga Casa de Peóns Camiñeiros, vai ser destinada a Oficina de Turismo. Compre recordar que existe un convenio en donde se defenía o seu uso, con risco de perder a propiedade. **¿Qué se pode decir, dende a Alcaldía deste asunto?**

Respótasese polo Sr. Alcalde-Presidente que de momento aínda no está definido o uso que se lle vai dar. Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández manifestase que o uso xa estaba definido cando se solicitou a propiedade e uso para o concello senon volverá a pasar a Xunta de Galicia que era a súa propietaria.

5ª) **¿A que obedece o cambio de titularidade do responsable de tesourería?**

Respótaselle polo Sr. Alcalde-Presidente que non houbo cambios na titularidade da tesourería, simplemente obedece as vacacións collidas no mes de agosto polo seu titular, D. Jesús Franco Rodríguez.

6ª) **¿Cómo está o Contencioso polo Canon Eólico?**

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente decindo que está como estaba, de momento non houbo resposta.

7ª) **¿Que ocorreu para abonar a Dna. María Jesús Anton Vilar a cantidade de 109,42 €, polo cristal do seu vehículo?**

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente decindo que foi causado por un accidente dun traballador do concello coa desbrozadora. O concello ten póliza de Responsabilidade Civil formalizada con MAPFRE con unha franquicia de 300 €, por iso houbo que aboala.

8ª) **A que son debidos os importes cobrados indebidos a dous veciños de A Capela segundo consta no borrador de Decretos e Resolucións?**

Igualmente resposta o Sr. Alcalde-Presidente que foi por un erro de Caixa Galicia por cobrar o recargo no período de voluntaria e polo tanto houbo que aboar os importes de ditos recargos ós interesados.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as once horas e vinte e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario-Accidental dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O alcalde-presidente,**

**Angel López Sueiro.**



**O secretario-accidental,**

**Jesus Franco Rodríguez.**

